TIPOS DE DORNAS

Dorna polbeira.

É na actualidade a máis coñecida e aínda hoxe faise algunha.Ten unha eslora total de 4 ou 5 metros , unha manga de 1,50 a 1,80 e un puntal de 0,60 metros .

Xeralmente son abertos, con bancos e un viveiro , según se adiquen á pesca do polbo ou de cordel .Ten un corredor e emprega vela ó tercio.

A particularidade dos viveiros é que lles entra auga do exterior pero son estancos. No centro ponse un pouco de area para conservar mellor os bolos vivos da pesca de cordel .

Dorna tramalleira e xeiteira.

Estas son dornas maiores , duns 7 metros por 2,25 de manga e 0,85 de puntal. Ten unha cuberta na proa chamada tilla, que sobrepasa a cara de popa do pao.

A dorna tramalleira ten viveiro para o peixe dos trasmallos ou cordel , e a xeiteira non o ten , por necesitar espacio para o aparello do xeito. É a única diferencia que existe entre elas.

Dorna de tope.

É de moderna construcción e o banceado é a tope. A distribución é a mesma que as anteriores . A estas xa empezan a poñerlles un pequeno motor. Practicamente xa deixaron de facelas.



Casa Quintela
Restaurante
Eduardo Vicenti, 24 - BUEU (Pontevedra)
986 320 010

TALLERES DAVISAN S.L.
SERVICIO OFICIAL CITROËN
Tel. 986 323 155
Fax 986 324 418
Pousada,15
Cela.- BUEU